



CONCELLO DE
VILASANTAR



CONCELLO DE
BOIMORTO

**ACORDO ENTRE OS CONCELLOS DE VILASANTAR E BOIMORTO PARA
“ADQUISICIÓN DE PICK UP 4X4 CON CESTA ELEVADORA. SERVIZO DE MEDIO
AMBIENTE”**

No Concello de Vilasantar, a 25 de Xaneiro de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Fernando Javier Pérez Fernández, con DNI 32806179Z, en nome e representación do Concello de Vilasantar con CIF P1509100B.

Doutra parte, D^a María Jesús Novo Gómez, con DNI 44814623C, en nome e representación do Concello de Boimorto, con CIF P1501000B.

Ambos en nome e representación de cadanxeu concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LBRRRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñecense capacidade para obligarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro: A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión do seu interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 11.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da

competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 11.3.a da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto: A constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA** nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto: Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independiente.

Sexto: Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación de servizos de forma e maneira que o impacto de crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sétimo: Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Oitavo: Que ao abeiro da orde do 17 de decembro de 2018 pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, acórdase crear unha agrupación dos Concellos de Vilasantar e Boimorto para solicitar unha subvención para o proxecto denominado “Adquisición de Pick up 4x4 con cesta elevadora. Servizo de Medio Ambiente”

Noveno: Os Concellos de Vilasantar e Boimorto teñen a intención de executar mediante a fórmula de xestión compartida o proxecto de “Adquisición de Pick up 4x4 con cesta elevadora. Servizo de Medio Ambiente” cun orzamento total de 40.000 € .

Décimo :-A orde pola que se establece a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia , establece no artigo 15.3.b “Solicitudes de mancomunidades, consorcios locais,

concellos resultantes dunha fusión municipal ou en proceso de fusión, ou de concellos asociados ou agrupados o porcentaxe máximo de subvención será d0 80% do orzamento presentado..”.

CLÁUSULAS

Primeira: O Concello de Vilasantar e o Concello de Boimorto acordan solicitar mediante o sistema de xestión compartida unha subvención para levar a cabo o proxecto de “Adquisición de Pick up 4x4 con cesta elevadora. Servizo de Medio Ambiente” cun orzamento total de 40.000,00 €.

Segunda: O obxecto do convenio é levar a cabo de forma conxunta o proxecto de “Adquisición de Pick up 4x4 con cesta elevadora. Servizo de Medio Ambiente”.

Terceira: Designase ao alcalde do Concello de Vilasantar, D. Fernando Pérez Fernández, como representante único da presente agrupación que actuará como coordinador e interlocutor ante a Dirección Xeral de Administración Local e será quen reciba e xustifique a subvención.

Cuarta: Este convenio afecto ó ámbito territorial dos concellos de Vilasantar e Boimorto

Quinta: Os obxectivos da agrupación dos Concellos de Vilasantar e Boimorto son os de ofrecer un mellor servizo e as actuacións a realizar son as seguintes: “Adquisición de Pick up 4x4 con cesta elevadora. Servizo de Medio Ambiente”

Sexta: O concello de Vilasantar asumirá o 50% do importe de execución do proxecto que non sexa subvencionado e o de Boimorto o 50% restante. O Concello de Boimorto comprométese a pagar ao Concello de Vilasantar o importe correspondente a dito concello segundo a resolución de concesión de subvención, no prazo dun mes dende a aprobación da recepción do vehículo.

Sétima: Cada concello terá que aprobar o presente convenio aceptando explícitamente o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria de subvención e a comprometerse a non disolver a agrupación ou asociación mentres non transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Oitava: Vixencia do Convenio.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a realización da adquisición do vehículo para o que se solicita a subvención. Comprometense os concellos participantes a non disolver a agrupación ou asociación mentres non transcorra o prazo de prescripción previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena: Natureza do Convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdicción contencioso – administrativa para a resolución de calquera conflicto que puidese xurdir na súa aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

Asdo: Fernando Javier Pérez Fernández

Asdo: María Jesús Novo Gómez



